



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/2	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	24 de marzo de 2022
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:00 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	SÍ
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	NON
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 444/2021. ELABORACIÓN E APROBACIÓN PRESUPUESTO 2022.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 2, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Iniciado este punto do orde do día, a Alcaldía explicou que xa virase o proxecto do presuposto na Comisión de Contas e aberto o debate, tomou a palabra o Sr. Rodríguez Barreira, voceiro do P. Popular, quen indicou que o seu grupo ía votar en contra duns orzamentos alegando o seguinte:

“ O ano pasado dixémoslles que viñan cos mesmos presupostos de sempre, “que lles daba igual que houbera unha pandemia que unha guerra”. Pois ven, por desgracia acertamos e a guerra chegou. ¿ E que fan vostedes?, pois unha fotocopia dos presupostos destes últimos 7 anos, cambiaron as datas e listo. Non se molestan sequera en facer algo distinto.

Estamos ante una crise económica dunhas dimensións enormes e que aínda non sabemos ben as consecuencias que terá nin a curto nin a longo prazo, pero para vostedes está todo igual. Parécenos increíble. Ofrecémonos a axudar pero está claro que teñen todo controlado.

Polo que vimos nas partidas, contar recadar máis cos impostos, para poder seguir despilfarrando, claro. E mentres os nosos veciños se afogan coas subidas obscenas de enerxía, e de tódolos produtos de primeira necesidade. Non hai medidas fiscais para a que a xente pague menos, e así vostedes terían menos cartos para gastar en cousas valdías. Se así fose, os veciños terían os cartos no seu peto, e así poder aliviar un pouco a situación económica actual.

En plena crise da enerxía e do clima, botamos de menos medidas para a redución do gasto enerxético e implementar novas tecnoloxías nas instalacións do noso concello.

Por certo, non van dar axudas para pagar os alumeados ós nosos veciños, sobretudo ós do rural que non teñen alumeado público e que aínda por riba de ter que pagar o custo enerxético da farola que teñen na súa casa, esta non é das modernas que consumen moito menos.





Concello de Lourenzá

Está ben coller unha pancarta para apoiar ó rural, pero é mellor aplicar medidas, sobre todo que ten a posibilidade de facelo.

Contratan traballos a empresas privadas, máis de 50.000 euros ó ano, cando teñen persoal municipal perfectamente preparado para facer ditos traballos, co sobrecusto que iso supón.

Queren mercar máis maquinaria para tela parada ou avariada e que é peor, igual a mercar avariada, como fixeron co tractor, onde ó mes de mercalo xa gastaron 5.000 euros no taller. Total os cartos non saen do seu bolsillo.

Voulles dar un dato, o gasto nos órganos de goberno (o que vostedes cobrar) para este 2022 é de 97.600 euros, un 3,84% do total do presuposto, en cambio o gasto en 3 áreas vitais para ter riqueza no pobo, como son Agricultura e Gandería, por un lado, Industria e Enerxía por outro, e por último, Comercio, Turismo , Pequenas e Medianas Empresas, teñen as tres un presuposto de gasto de 86.200 euros, o que supón un 3,55% do total do presuposto, ou sexa, 11.440 euros menos, as tres áreas.

O futuro de Lourenzá ten que pasar polo noso rural, polo noso Mosteiro, unido ó Camiño de Santiago, e polo Polígono Industrial. En definitiva, pola agricultura, a gandería, o monte, o comercio, o turismo e a industria.

Pois ben, vostedes non van facer case que ningún investimento nestes campos fundamentais.

¿Que fan polo rural? Nada, gastaron 16.000 euros nunha NON Festa da Faba, na que , en vez de promocionar o produto estrela do noso campo, o que fixeron foi que moita xente que veu polo pobo gracias á súa enganosa publicidade pois seguramente non volvan.

Cun campo forte, fixamos poboación no rural e coidamos o noso entorno.

Cun Mosteiro restaurado e con usos públicos e privados melloramos o turismo, que axudado polo Camiño de Santiago e por un adecentamento e ordenamento das nosas rúas e das nosas prazas, farían de Lourenzá un pobo de primeiro nivel turístico, o potencial está aí.

E por último, cun polígono forte, con empresas que ofrezan traballo e dean riqueza para Lourenzá, poderíamos parar esta sangría demográfica que seguimos a sufrir. O polígono está abandonado, case non hai ninguén traballando, son incapaces de atraer proxectos, algún mesmo non chegou a vir por non recibir resposta.

Medidas para mellorar e promocionar o comercio, ningunha cero.

En canto ó Mosteiro, xa está claro que se vai perder a subvención de 2 millóns de euros, que lles conseguiu a Xunta de Galicia, por certo. Todo, gracias ós seus colegas do goberno central, que a falta de 15 días, cambiou as regras de xogo, supoño que un de Podemos pasou





Concello de Lourenzá

unha mala noite e levantouse atravesado.

Poderíamos seguir pero xa sabemos que non lles importa o máis mínimo a nosa opinión, nin a de moitos dos nosos veciños. Agora dirán o de sempre, que son uns presupostos realistas, que nosoutros, os do P.P. non fixemos nada en máis de 100 anos de goberno, que Lourenzá cada vez está mellor, que hai traballo, que hai moita vida, que non lles gusta a nosa oposición, que prefiren a que cala, etc. Pero bueno, despois de todo, sempre nos quedará a Panorama. Aí vai un refrán que reflexa a situación: *Non é máis cego o que non ve, senón o que non quere ver*; e por certo, esquecéuseme o da R.P.T.

En primeiro lugar tomou a palabra a Sra. Alcaldesa para dicir que efectivamente esa literatura tamén era máis do mesmo, ó igual que el dicía dos presupostos, e que, en canto a que estaba todo igual, que non era así, que o rural non era o mesmo dende o 2015, que se mellorara moitísimo, pero non era dicilo, estaba aí para verse, sobre todo en infraestruturas e, en cuanto o que dicía de que non se axudada ós veciños, tampouco era verdade posto que dende o ano 2015 non se subira ningún imposto, que puideron facelo, era o habitual e en moitos sitios facían, que tentaran seguir así a pesar de tódalas dificultades, e incluso algún imposto baixárase e a un concello senón entraban ingresos tampouco podían facerse investimento nin cousas, replicándolle o Sr. Rodríguez Barrera que había remanente e qué se facía co Remanente.

Continuou dicindo a Sra. Alcaldesa que efectivamente no rural existía un agravio comparativo porque non tiñan alumeadado publico como había noutros núcleos e estábano pagando do seu peto, que a ela gostaríalle que fora doutra maneira como fora durante uns anos atrás, pero que ela non o cambiara, que xa herdáranos así, pero que o que dicía de que non tiñan luces led, non era verdade, porque no ano 2016 ou 2017 mercáranse, a través do Plan Único, unha partida moi importante deste tipo de luces led, e todas cantas farolas se estropeaban en calquera punto do rural cambiábanse por luces led, que efectivamente aínda había algunha das antigas, porque as que non se estropeaban, non se cambiaban pero que nunca houbera tantas luces led no rural como as que había agora, que dende que entraran eles fora unha das áreas nas que se avanzara bastante e intentarase aforrar porque as de led gastaban moito menos.

Neste punto, a concelleira Dengra Sixto, recordou que cando se compraran esas partidas de luces, puxérase un bando informando que todos os veciños que quixera podería cambiar as luces vellas por as novas de led.

O Sr. Rodriguez Barrera indicou que habería que pagarllelas e que ademais había sitios públicos con vinte o trinta luces que non facían falla e que podíanse apagar porque era fastidiado ter unha luz na casa e tela que pagar e estar gastando por outro lado sen necesidade,





Concello de Lourenzá

contestándolle a Alcaldesa que ela non as colocara pero que o de apagar non era tan fácil, sobre todo cando se estaba gobernando. Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P.S. de G.-P.S.O.E., Sr. Arango para dicir que estaba alucinado, que cando falaba de malgasto, gustaríalle saber en que obra concreta se malgastaba e canto, ó que O Sr. Rodríguez Barrera contestoulle que por exemplo contratando empresas privadas cando podía facerse no Concello, e á pregunta de cales era os servizos que tiña o Concello con empresas privadas, falouse que un dos que había era o servizo de augas e que podía revertir para que o levaran empregados municipais, ó que o Sr. Rodríguez Barrera replicoulle que non se refería a iso, que non se explicara ben e que con esa alusión persoal non esperaba menos do Sr. Arango, que el tíñase referido a traballos que se contrataban con empresas particulares cando había persoal municipal que podía facelo, como a redacción de proxectos tal e como preguntara na sesión anterior, que non falara de non privatizar nada cando o concello non tiña capacidade por sí mesmo, ó que Sr. Arango puntualizou que tal como ía redactado o escrito, daba a entender iso, que no concello se contrataban empresas privadas cando se podería facer con empregados municipais, que equivalía a non privatización dos servizos municipais.

O voceiro do P. Popular falou de que os proxectos de rexeneración de camiños sempre facíaos a arquitecta e que estaba falando neste caso concreto duns de sete mil euros e que o que quería saber era se houbera algunha explicación para facelo así e polo Sr. Arango indicouse que dependía das circunstancias, que podía ser unha necesidade puntual, nun momento determinado e por unha causa concreta e que, en canto á faba, que o concello gastara 4.700 euros e que o resto fora da Deputación, o que o Sr. Rodriguez Barrera replicoulle que eran cartos igual, preguntándolle o Sr. Arango se el cría que non había que facer nada na festa da faba, contestándolle o voceiro o P. Popular que a él parecíalle tanto ben que a fixera como que non, que o único que non vía ben era o feito de invitar a xente a vir e despois non facer nada, que non houbera degustación que non era o único que o dicía, que houbera máis xente que queixarase, que viñera, e non atopara o que esperaba ver, pola contra, o Sr. Arango díxolle que, pola contra, houbera xente á quen lle parecera moi ben a festa, que dependía de quen o dixera e tanto dicir que non se apoiaba o comercio e ese día houbera degustación nos bares e estiveran a tope de xente.

O Sr. Arango continuou dicindo que polo que se refería ó Mosteiro, o que dixera que conseguírao a Xunta de Galicia non era verdade, que soamente incluírao nun listado que tiña que facer para enviar ó Goberno Central, que éste, ó mellor, equivocárase ó incluír bens que non eran de titularidade pública pero que non fora o Goberno Central





Concello de Lourenzá

que decidira despois non facelo, senón as normas da Unión Europea, e que a Xunta o que tiña que ter feito, se había tanto interese por Lourenzá, era chamar a tempo, que o que fixera fora chamar ó concello para dicir que quedara excluído ó non ser de titularidade pública e que estaban intentando meter outros e cando o equipo de goberno dixéralle de buscar incluír outro, dixéronos que rematara o prazo, e polo tanto chamáronos co prazo xa finalizado non facendo o mesmo con outros concellos de cor azul.

O Sr. Rodríguez Barrera replicouse que estábano inventando e que trouxera papeis, ao que dixéronlle que fora por teléfono aínda que tamén había correos electrónicos que podían verse en calquera momento e tamén dixo de que o feito de incluía nun listado xa era facer algo que non cría que o goberno central lembrárase do Mosteiro de San Salvador.

Pola sua parte a concelleira do B.N.G, Sra. Vázquez Abal, apuntou que todos estiveran na reunión e que o que estaba claro era que non se podía votar a culpa ó concello, e seguidamente abriuse un pequeno debate sobre quen tivera a culpa, se fora o Goberno Central, a Xunta de Galicia, os dous ou a Unión Europea, e se fora de quen incluía os bens ou de quen cambiara o criterio.

Finalmente, pola Alcaldía deuse por rematado o debate, e o Pleno, en votación ordinaria e con seis votos a favor, do grupo municipal do P.S. de G.-P.S.O.E., dous en contra, dos concelleiros do P. Popular e unha abstención, da concelleira do B.N.G., adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o Presuposto desta Entidade para o exercicio do 2022, quedando a súa contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, nun total de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS CORENTA MIL EUROS (2.540.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAP	CONCEPTO	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	1.035.900,00
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	663.000,00
3	GASTOS FINANCEIROS	2.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	262.200,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	5.000,00
6	INVERSIÓNS REAIS	549.900,00





Concello de Lourenzá

7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	22.000,00
TOTAL GASTOS		2.540.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	695.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	261.600,00
4	TRANSFERENCIA CORRENTES	1.105.300,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	15.800,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	200,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	432.100,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL INGRESOS		2.540.000,00

SEGUNDO.- Aprobar igualmente as Bases de execución de dito Presupuesto.

TERCEIRO.- Aprobar, de conformidade co disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/86 de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/85 de 2 de abril, o cadro de persoal que comprende tódolos postos reservados a funcionarios e persoal laboral.

CARTO.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

QUINTO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo o disposto nos artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril e 169.3 do referido Real Decreto Legislativo 2/2004, e noutro caso procederáse de conformidade con previsto no número 1 deste último artigo.





Concello de Lourenzá

SEXTO.- Que de conformidade co número catro do mesmo artigo, se remita copia do referido Presuposto á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

SÉTIMO.- Faculta-la Sra. Alcaldesa para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Expediente 593/2021.RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 01/012/2021 POLA QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de 01/12/2021 nos termos no que está redactada e que son os que se transcriben a continuación, a saber:

Proposta da Alcaldía.-Visto o contido do Convenio de Colaboración Marco para a Xestión compartida-Agrupación Concellos do Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Atención Temperá achegado polo Concello de Mondoñedo para o exercicio 2022.

Visto que o contido do dito Convenio é idéntico ó do ano anterior que foi aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día Dezanove de Novembro do dous mi vinte e un. Visto que no punto terceiro do dito acordo acordase facultar á Alcaldía para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo incluída a prórroga do Convenio, de conformidade coa cláusula décima do mesmo, sempre que non haxa modificacións nas súas cláusulas.

Esta Alcaldía, en virtude das facultades que me veñen conferidas pola lexislación vixente e polo acordo plenario citado de 19/11/20, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar, nos termos nos que está redactado e se transcribe a continuación, o CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, sendo o seu contido o que segue: CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ No Concello de Mondoñedo, a 01 de novembro de 2020 REUNIDOS: Os/as Sres. e Sras. alcaldes/-as dos seguintes Concellos: Abadín, don José María López Rancaño, Barreiros, dona, Ana Hermida Igrexas, Lourenzá, dona. Rocío López García Mondoñedo, don Manuel Angel Otero Legide, Pastoriza, dona Elba Carrera González, Riotorto, don Clemente Iglesias González, Trabada, dona Mayra García Bermúdez A Pontenova, don Darío Campos Conde Pol, don Lino Rodríguez Ónega Actuando todos/-as en nome e





Concello de Lourenzá

representación do seu referido Concello e no exercicio do seu cargo, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA) e recoñecéndose mutuamente plena capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio, EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e aspiracións da comunidade de veciños.

O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de prestacións de servizos sociais.

Segundo.- De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- No Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá reflíctese no seu artigo 3 entre os principios reitores o de descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. En consecuencia, o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación recoñécese como o idóneo para o desenvolvemento deste tipo de servizo.

Quinto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións





Concello de Lourenzá

locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sétimo.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2017, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúrase como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá), mediante o presente convenio segundo as seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO.- O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do Servizo de Atención Temperá, sendo encomendada ao Concello de Mondoñedo, para a súa prestación de forma integral nos termos da Orde da Consellería de Política Social da Subvención para prestar o Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Concello de Lourenzá Atención Temperá (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Témpera) que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.

SEGUNDA.- ÁMBITO TERRITORIAL. O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos sinalados neste documento.

TERCEIRA. OBXECTIVO DE COLABORACIÓN. O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en: Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público; Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público; Minorar os custos antieconómicos da prestación; Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa, Valorizar os recursos dispoñibles.

CUARTA.- XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO. A xestión do servizo será realizada polo concello de Mondoñedo e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo: aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.). Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do





Concello de Lourenzá

concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Condições concreta das condicións de prestación do servizo: -O obxecto do servizo de atención temperá estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e o seu contorno, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.

-Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación:

1.-Contará cun mínimo de 3 integrantes.

2.-Será interdisciplinar, polo que estará integrado por profesionais tales como pedagogos/as, psicólogos/as, psicopedagogos/as, logopedas, traballadores/as sociais, educadores sociais, terapeutas ocupacionais, maxisterio, enfermeiros, fisioterapeutas e médicos que deberán posuír:

a) Formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar. b) Ou, alternativamente, acreditar experiencia suficiente nestas materias: mínimo de 1 ano. c) De acordo co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:

1.-Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as. 2.-Desenvolvemento psicomotor.

3.-Desenvolvemento cognitivo.

4.-Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.

5.-Desenvolvemento da autonomía.

6.-Desenvolvemento da área social e afectiva.

7.-Apoio, información, habilitación e formación da familia.

A prestación do servizo deberá realizarse en horario de mañá e, un mínimo de tres días á semana, en horario de tarde. Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

QUINTA.-COMISIÓN MIXTA. COORDINACIÓN. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión





Concello de Lourenzá

Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles.. A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes. As súas principais funcións serán: a)O seguimento da xestión do servizo. b)Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo. c)A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos. d)A elaboración das súas normas internas de xestión. e)A interpretación do convenio. f)A proposta, se é o caso, de addendas. g)Intervención previa á resolución por incumprimento. h)Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes i)Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo

SEXTA.- ELABORACIÓN DO CATÁLOGO DE CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS. Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso. Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

SÉTIMA.- SUBVENCIONS E AXUDAS. Para a xestión do servizo ACÓRDASE a solicitude de subvención convocadas pola administración autonómica. Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, así como o nomeamento do representante único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

OITAVA.- FINANCIAMENTO. Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta. Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido. A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello. O reparto será o seguinte: 1000 EUROS ANUAIS POR CONCELLO. Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle





Concello de Lourenzá

corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN. O presente convenio resolverase: a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo. b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan. c) Polo vencemento do prazo de vixencia No caso de resolución do convenio, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

DÉCIMA.-VIXENCIA DO CONVENIO. O presente convenio entrará en vigor a día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante todo o período respecto do que se solicita subvención e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O convenio poderá prorrogarse anualmente mediante acordo expreso das partes convenientes até que acade unha duración máxima de catro anos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO. O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación será resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. NORMATIVA APLICABLE. En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. XURISDICIÓN COMPETENTE. Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa. En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

SEGUNDO.- Ratificar a presente Resolución polo Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre. Mando e asino a presente Resolución, en Lourenzá a un de decembro do dous mil vinte e un.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos





Concello de Lourenz

C) ROLDA DE INTERVENCINS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validacin: 7YE2LJLQL4ZWYGVWA53K5ZFGRW | Correccin: <https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pxina 14 a 14